

(Del Riego)

Vigo  
6-marzo  
1978

Sr. D. Luís Seoane  
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Acabo de recibir as tuas liñas do día 28 do pasado mes. Alégranos moito que a gripe que te colléu no viaxe se resolvese ben e axina. O importante é que, coma sempre, sigas a traballar co mesmo entusiasmo.

De Prada hai unha chea de tempo que non sei nada. Tamén é certo que eu me volví moi preguizoso pra escribir cartas, e estou en deuda con el. Sería moi interesante que atendese as suxerencias que lle fixeche sobre os dibuxos de Castela e de Federico Ribas, pois compre ir recuperando pra Galicia todo o que se poda do que anda espaxado por ahí fora.

Isaac non me falou nada en concreto sobre a idea de reconstruir o Seminario de Estudos Galegos, inda que se trata dunha idea que sempre acariñou. O que sí me dixo foi que, coincidindo coa inauguración da nova galería de Sargadelos en Santiago, vai adicarlle un homenaxe de recordo a aquela institución. Proxecta editar un volume con traballos dos membros do Seminario que sobreviven. A min pedíume colaboración.

O problema da Xunta sigue o mesmo que cando tí te fuches. Planteouse o problema da presidencia, e os parlamentarios da UCD propuxeron a Pío. Pero este nome suscitou unha gran oposición, incluso entre os seus correligionarios galegos. O caso é que o decreto de preautonomía está aínda por promulgar. Fálase de que nestes días haberá visitas a alto nivel pra presionar a súa posta en marcha. Veremos o que ocorre, pois parece que, unha vez resolto o de Cataluña e Vasconia, o demais non lles corre presa.

Hoxe mesmo mándoches certificados por avión, un exemplar do nº 56 de Grial que me pides, e outro do nº 59 -que mandéix preparar pra tí, pois non sairá do prelo ate fins de semana- porque nel figura un traballo de M<sup>a</sup> Luisa Manzanares sobre o teu arte.

E nada máis che teño que contar polo momento. Garimosos saúdos a Maruxa, de Evelina pra os dous, e pra tí a cordial aperta de sempre de

Paco